

MEMORIA ANUAL
CIM do Concello de Pontevedra
ANO 2020

FICHA TÉCNICA

Enderezo	Praza de José Martí, s/n 3º andar		
CP	36002		
Concello	Pontevedra		
Provincia	Pontevedra		
Teléfono	986864825	Fax	986851800
Correo electrónico	igualdade@pontevedra.eu		
Área de influencia	Pontevedra		
Ano de inicio de actividade	2005		
Días e horario de atención a usuarias	Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 08:00 a 15:00 Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 00:00 a 00:00		
Días e horario de asesoramento xurídico	Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 13:00 a 15:00 Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 00:00 a 00:00		
Días e horario de atención psicolóxica	Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 08:00 a 15:00 Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres - 00:00 a 00:00		
Outros servizos			
Director/a do centro	Rosa Campos Briones		
Asesor/a xurídico/a	Mª Jesús Lago Barreiro		
Asesor/a psicolóxico/a	Rosa Campos Briones		

Axente de Igualdade	Mercedes Renda Melón
Auxiliar administrativo/a	Mercedes Melero Adrio

1. Actividades desenvolvidas:

NOME DA ACTIVIDADE	Videofórum do documental Persoas S.A.´							
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	14/12/2020 / 22/12/2020							
nº de horas	9							
nº de participantes								
HOMES	83							
por idade	<18	<input type="text" value="83"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>	31-64	<input type="text" value="0"/>	>=65	<input type="text" value="0"/>
MULLERES	112							
por idade	<18	<input type="text" value="112"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>	31-64	<input type="text" value="0"/>	>=65	<input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto							
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE								
<p>Os IES Sánchez Cantón, Luis Seoane e Frei Martín Sarmiento acolleron o visionado e videofórum do documental Persoas S.A., unha peza realizada pola lucense Carme P.G. Granxeiro que percorre a historia do activismo LGTBI en Galicia, dende os seus inicios ata a actualidade, poñendo en valor os novos movementos asociativos arredor da diversidade de sexo e xénero e poñendo sobre a mesa os logros acadados e os retos para un futuro en igualdade.</p> <p>A actividade enmárcase dentro de accións formativas en centros de Ensino Secundario do programa municipal Pinto e Maragota, que abrangue a presentación de libros, o desenvolvemento de videofóruns participativos ou a celebración de charlas debate como Transformando o Mundo.</p> <p>Os videofóruns tiveron lugar o luns 14 de decembro no IES Luis Seoane, o xoves 17 no IES Sánchez Cantón e a partir do 21 en varias aulas do IES Frei Martín Sarmiento.</p>								
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA								
DA ENTIDADE ORGANIZADORA								
Boa								
DO PÚBLICO ASISTENTE								

Boa

NOME DA ACTIVIDADE	Faladoiro-concerto Un Rapá Tranquilo
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	05/12/2020 / 05/12/2020
nº de horas	2
nº de participantes	
HOMES	0
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE	
<p>Dadas as actuais restricións sanitarias que afectan á hostalería, celebrouse en formato virtual este Vermú de Pinto e Maragota, que tivo lugar o sábado 5 de decembro ás 20:00 horas, desta vez da man do filólogo, músico e activista trans ourensán Éric Dopazo que presentou un faladoiro-concerto titulado Un Rapá Tranquilo.</p> <p>A retransmisión desenvolveuse en directo a través da canle de Facebook de Pinto e Maragota.</p> <p>Consistiu nun espectáculo no que Dopazo alternou reflexións sobre a realidade do colectivo trans, con cuestións como a lei en debate, a linguaxe inclusiva ou o seu actual proceso de transición, coa interpretación de distintos temas musicais de creación propia xunto con algunha cover.</p> <p>Éric Dopazo formou parte do dúo musical Canela Cafuné e actualmente compón e interpreta en solitario e participa en diversas colaboracións. Foi o creador da canción Universo Diverso, coñecida como o himno de Arelas, Asociación de Familias de Menores Trans de Galicia. A súa canle de Youtube Un Rapá Tranquilo está de finalista do Premio Comunicación do certame #Youtubeiras2000.</p>	
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA	
DA ENTIDADE ORGANIZADORA	
Boa	
DO PÚBLICO ASISTENTE	

Boa

NOME DA ACTIVIDADE	Exposición fotográfica Namórate de ti			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	27/11/2020 / 18/12/2020			
nº de horas	504			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIBIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>A exposición da mostra fotográfica, resultado do obradoiro Namórate de tí, xa se pode ver nos escaparates de doce establecementos da rúa Oliva: My Vintage Clothes, Liberatta Pontevedra Moda Casual, Óptica Martínez, Magdalena Salá, Nalatcha, Tito de la Peña, Sargadelos, Torrado, Mepiachí, Joyería Ferse, Joyería Suárez e Silueta Tallas Diferentes. Esta é unha iniciativa da Concellería de Igualdade de Pontevedra e o Centro de Información á Muller, con motivo da conmemoración do 25N e poderá desfrutarse durante un mes nesta enorme sala de mostras a pe de rúa da que podemos dispoñer grazas á colaboración das tendas da Oliva.</p> <p>Consta de vinte fotografías realizadas no obradoiro no que participaron sete mulleres en situación de desemprego, risco de exclusión, vulnerabilidade ou vítimas de violencia de xénero, que escolleron ademais as fotografías, os seus títulos e elaboraron os textos que as acompañan. O obxectivo do obradoiro, impartido pola animadora sociocultural Tegra Gómez e a fotógrafa e creativa, Patricia Maqueira, era que aprendesen a quererse e valorarse a si mesmas utilizando a cooperación grupal.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Moi boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Moi boa				

NOME DA ACTIVIDADE	Acto 25N Mulleres en acción, Violencia zero			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	25/11/2020 / 25/11/2020			
nº de horas	1			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>A emblemática praza da Peregrina foi lugar elixido pola Deputación e o Concello de Pontevedra para conmemorar este 25 de novembro.</p> <p>O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, destacou a necesidade de que a violencia machista non sexa tratada como un problema de segunda orde polo Covid-19, porque con pandemia ou sen ela é unha lacra para toda a sociedade.</p> <p>No acto entrevistou tamén a xornalista Sara Vila lendo o manifesto institucional do Concello de Pontevedra que ela mesma redactou este ano, no que sulinou que as mulleres estamos fartas de minutos de silencio e defendeu que no mundo actual non hai oco para os maltratadores nin para os seus cómplices.</p> <p>O acto rematou cunha intervención artística a cargo da bailarina e coreógrafa Janet Novás que supuxo o arranque dunha nova edición do programa provincial Violencia Zero.</p> <p>No acto repartíronse chapas e mascarillas da campaña do 25N do Concello</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Moi boa				

NOME DA ACTIVIDADE	REPARTO MATERIAL CONMEMORATIVO 25-N			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	24/11/2020 / 04/12/2020			
nº de horas	50			
nº de participantes				
HOMES	300			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	700			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRICIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>A partir do martes 24 de novembro pola mañá o CIM de Pontevedra distribuiu as 1.500 mascarillas e 3.000 chapas que foron confeccionadas para conmemorar o Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres deste 2020.</p> <p>O reparto fíxose no primeiro andar do edificio do CIM e a través da Oficina Municipal de Turismo</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Moi boa				

NOME DA ACTIVIDADE	Lectura do manifesto contra a violencia machista 25-N			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	23/11/2020 / 23/11/2020			
nº de horas	1			
nº de participantes				
HOMES	25			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	13			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>O manifesto institucional do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres deste ano marcado pola pandemia do Covid-19 foi elaborado e lido pola xornalista Sara Vila Alonso no Pleno da Corporación municipal que se celebrou o luns 23 de novembro ás 11.00 no Teatro Principal.</p> <p>O acto foi retransmitido a través da páxina web do Concello, da canle de You Tube e posteriormente a través das redes sociais de Igualdade.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Boa				

NOME DA ACTIVIDADE	Xardíns que falan 25N			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	23/11/2020 / 04/12/2020			
nº de horas	288			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>Os xardíns das prazas de España e A Ferrería súmanse aos actos reivindicativos e conmemorativos organizados con motivo do 25N, Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres, con sendas intervencións que se fan eco do lema central da campaña impulsada pola Concellería de Igualdade e o Centro de Información á Muller (Xa abonda de minutos de silencio) e que lembran ás 1.074 vítimas mortais que o machismo se levou por diante dende que hai datos rexistrados (2003).</p> <p>Deste xeito, a Concellería de Desenvolvemento Sostible e Medio Natural, a través do seu proxecto Xardíns que falan, volve empregar as zonas verdes da cidade, como xa fixera no marco da Semana do Orgullo LGTBI, para poñer de manifesto de xeito ben visible o posicionamento deste Concello, debuxando dous grandes lazos a base de plantas e flores de cor morado.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Boa				

NOME DA ACTIVIDADE	Obradoiro de Autodefensa Ciberfeminista			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	18/11/2020 / 26/11/2020			
nº de horas	8			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	53			
por idade	<18 <input type="text" value="1"/>	18-30 <input type="text" value="15"/>	31-64 <input type="text" value="36"/>	>=65 <input type="text" value="1"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	So mulleres			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>O Obradoiro de Autodefensa Ciberfeminista realizouse online ao longo dos días 18, 19, 25 e 26 de novembro en horario de 18.00 a 20.00h.</p> <p>Ten por obxectivo formar a mulleres, especialmente ás pertencentes a asociacións e colectivos feministas e tamén ás mozas do Consello da Muller Nova, sobre as estratexias de autodefensa, empoderamento e denuncia das violencias machistas nas contornas dixitais.</p> <p>A autodefensa na rede é un xeito de responder ante as violencias que nela se reciben, moi especialmente as mulleres. Se a ciberviolencia existe, é porque existe violencia no mundo real, e o que pasa na rede tamén forma parte do mundo real. A autodefensa e o apoio colectivo ten como obxectivo responder a quen agreda e apoiar ás vítimas do acoso aproveitando a inmensa capacidade de Internet de crear redes de apoio e acompañamento.</p> <p>Este obradoiro é un dos primeiros que se realizan con estas características en Galicia e estará dirixido por Andrea Momoitio de Pikara Magazine.</p> <p>As solicitudes de inscrición fixéronse entre o 11 e o 17 de novembro na plataforma apuntate.pontevedra.gal. Posteriormente contactábase coas seleccionadas para facilitarlle as claves de acceso ao obradoiro.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Moi boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Moi boa				

NOME DA ACTIVIDADE	CAMPAÑA GRÁFICA 25-N XA ABONDA DE MINUTOS DE			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	11/11/2020 / 03/12/2020			
nº de horas	528			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>Neste ano marcado pola pandemia a campaña gráfica do 25N consistiu no despregue dunha lona co lema central no balcón da Casa Consistorial e a colocación de carteis circulares en cor negro e morado en diferentes rúas da cidade, nos que podían lerse unha morea de consignas inspiradas no movemento feminista e nas manifestacións do 25N de 2019.</p> <p>Baixo o lema central Xa abonda de minutos de silencio, a Concellería de Igualdade e o Centro de Información á Muller (CIM) de Pontevedra volveron alzar a voz para conmemorar o 25 de novembro, Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres, converténdose no berro das que non teñen voz e reivindicando que a loita feminista continúa máis viva que nunca por nós, polas que virán, polas que xa non están.</p> <p>Tanto o despregue da lona como a campaña gráfica coa instalación dos carteis con diferentes lemas pretenden simbolizar a alianza do feminismo institucional co activismo feminista e, nun ano no que as restricións impostas por mor da pandemia do coronavirus dificultaron a realización das mobilizacións masivas dos últimos anos, levar á rúa os berros e as reivindicacións en contra das múltiples violencias que sufrimos as mulleres pola razón de sexo.</p> <p>Os carteis da campaña gráfica colocáronse esencialmente nos contornos de colexios, institutos e Campus Universitario, e máis en concreto nas rúas Celso Emilio Ferreiro, Avenida de Compostela, 12 de Novembro, Joaquín Costa, Benito Corbal, Cobián Rofignac e avenida de Bos Aires, así como tamén nos entornos dos centros sociais das parroquias rurais do Concello e nos edificios municipais.</p> <p>En total colocáronse 200 carteis por todo o concello xunto coa lona xigante da Casa Consistorial.</p> <p>Ademais, promoveuse a través de redes sociais o emprego das imaxes da campaña como fotos de perfil.</p> <p>A campaña reforzouse tamén co reparto de mascarillas e chapas conmemorativas do 25N</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Moi boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				

Moi boa

NOME DA ACTIVIDADE	PROGRAMA NAMÓRATE DE TI
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	03/11/2020 / 18/11/2020
nº de horas	12
nº de participantes	
HOMES	0
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	8
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="2"/> 31-64 <input type="text" value="6"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	So mulleres
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE	
<p>Fomentar a autoestima e o empoderamento feminino empregando a imaxe e a fotografía como ferramenta é o principal obxectivo do programa Namórate de ti, impulsado pola Concellería de Igualdade e o Centro de Información á Muller (CIM) de Pontevedra da man da animadora sociocultural Tegra Gómez e da fotógrafa e creativa Patricia Maquieira. O proxecto abrangue un obradoiro gratuíto e unha exposición fotográfica nos escaparates das tendas da nosa cidade e está dirixido principalmente a mulleres desempregadas, en situación de vulnerabilidade, vítimas de violencia de xénero ou en risco de exclusión social.</p> <p>A iniciativa foi presentada onte nun acto no que participaron, ademais de Gómez e Maquieira, a concelleira de Igualdade, Yoya Blanco; a axente de Igualdade do CIM Mercedes Renda, e dúas mulleres que xa asistiron a un curso anterior.</p> <p>O programa ten a finalidade de que as participantes aprendan a quererse e valorarse a si mesmas, axudándolles a reforzar a súa autoestima e autoconceito, ao tempo que promoverán a súa unión social e cooperación grupal.</p> <p>Ao longo de catro xornadas, con doce horas en total de duración, desenvolveron sesións de autoconecemento, con exercicios para aumentar o empoderamento e a autoestima, nas que guiarán a estas mulleres para que aprendan ferramentas de control do estrés mediante a expresión corporal, verbal e escrita.</p> <p>Este obradoiro tivo lugar na Casa Azul os días 3, 5, 9 e 11 de novembro en horario de 10:00 a 13:00 horas.</p> <p>Outro dos valores esenciais do programa é o de xerar un vínculo entre tódalas mulleres, de cara a crear máis redes de mulleres que se queiran moito, se empoderen e se liberen de prexuízos.</p>	
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA	
DA ENTIDADE ORGANIZADORA	
Moi boa	

DO PÚBLICO ASISTENTE
Excelente

NOME DA ACTIVIDADE	Manifiesto polo Día Internacional das Mulleres Rurais
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	15/10/2020 / 15/10/2020
nº de horas	2
nº de participantes	
HOMES	0
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto

DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE	
<p>A Concellería de Igualdade publicou o seguinte Manifiesto co gallo do Día Internacional das Mulleres Rurais que ademais foi compartido a través das redes sociais e da emisora local de Onda Cero.</p> <p>Construír a resiliencia das mulleres rurais a raíz do COVID-19</p> <p>O 15 de outubro celébrase o Día Internacional das Mulleres Rurais, unha data instaurada pola Organización de Nacións Unidas (ONU) na que se conmemora e recoñece a función e contribución decisivas da muller rural á promoción do desenvolvemento agrícola e rural, á mellora da seguridade alimentaria e á erradicación da pobreza.</p> <p>O lema deste día en 2020 é Construír a resiliencia das mulleres rurais a raíz do COVID-19, para crear conciencia sobre as loitas destas mulleres, as súas necesidades e o seu papel fundamental e clave na nosa sociedade nun momento no que, a pesares de todas as dificultades, estiveron ao pé do canón na pandemia, incluso cun traballo de coidados non remunerado que se veu incrementado.</p> <p>En Galicia resulta case imposible entender o rural sen falar da figura das mulleres. Ser muller, galega e do rural significa enfrontarse cada día a unha situación de desigualdade de xénero, derivada do illamento da poboación, e moitas veces, do acceso aos recursos.</p> <p>Para acadar a igualdade entre mulleres e homes no rural galego é preciso garantir-lles a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado laboral, facilitar a conciliación das esferas persoal, profesional e familiar, así como impulsar a súa capacidade de emprendemento, promocionando e dinamizando novas iniciativas sociais e empresariais que axuden ás mulleres a romper cos obstáculos que se lles presentan no día a día, a acceder a postos de responsabilidade e participar plenamente na toma de decisións a todos os niveis.</p> <p>Mención aparte merece a abordaxe da violencia de xénero no ámbito rural, que se caracteriza pola invisibilidade, a dificultade de acceso aos recursos, a ausencia de recursos especializados e a falta de concienciación social. Vivir en círculos pequenos, onde todo o mundo se coñece e o que dirán ten mais peso, a escaseza de oportunidades laborais e a</p>	

sobrecarga dos traballos de coidados que recaen maiormente nas mulleres, fai que as vítimas de violencia sufran múltiples dependencias do agresor e tarden mais en romper o seu silencio. Non significa que no rural haxa máis violencia senón de que no rural as vítimas son máis vulnerables.

A suma de todos estes factores motiva que o éxodo rural sexa principalmente de mulleres.

Queremos visibilizar ás mulleres do rural que sostiveron e sosteñen en gran parte a vida dos pobos coas súas mans, e que se lles asegure unha protección total dos seus dereitos para un futuro rural vivo, un futuro de igualdade e calidade de vida en base a un equilibrio territorial.

Porque sen oportunidades para as mulleres, non haberá futuro para o medio rural; porque sen mulleres, non haberá rural.

VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA
--

DA ENTIDADE ORGANIZADORA

Boa

DO PÚBLICO ASISTENTE

Boa

NOME DA ACTIVIDADE	Elaboración de Unidades Didácticas de Diversidade			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	01/10/2020 / 18/12/2020			
nº de horas	60			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>No programa inicial tiñamos previsto para o último trimestre do ano a realización de actividades escolares en Educación Primaria, un contaco que levaba por título Somos Diverxs. Dado que os centros de ensino primario da cidade traballan este curso escolar en aulas burbulla, resultou imposible realizar a actividade como a tiñamos pensada, o que nos impulsou a buscar una alternativa que permitise, igualmente, chegar coa diversidade ás aulas: a creación de unidades didácticas, diferenciadas en propostas para o 1º e o 2º e 3º ciclo de Educación Primaria.</p> <p>Nestas unidades achegamos actividades, xogos, propostas didácticas, filmografía, bibliografía e webgrafía coa que o profesorado teña recursos actualizados dun bo tratamento da diversidade de sexo e xénero na aula, axustado á idade e desenvolvemento cognitivo do alumnado dos distintos cursos. As actividades, realizadas por personal experto en animación sociocultural e igualdade contaron coa supervisión do servizo municipal CIDES, para un axeitado tratamento das cuestións de diversidade máis complexas.</p> <p>A presentación destas unidades farase no inicio do 2º trimestre escolar deste curso 2020-2021</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Boa				

NOME DA ACTIVIDADE	CINEFÓRUM "BIOGRAFÍA DEL CADÁVER DE UNA MUJER"			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	23/09/2020 / 23/09/2020			
nº de horas	3			
nº de participantes				
HOMES	4			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	56			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>Para conmemorar o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos, a Concellería de Igualdade organizou un cinefórum que busca visibilizar e denunciar a realidade deste escuro negocio e que contou coa presenza da directora Mabel Lozano que presentou a súa nova curta documental Biografía del cadáver de una mujer, que até o momento só foi visionada en festivais nacionais e internacionais e que vén de gañar o Premio do Público no Skyline Benidorm Film Festival.</p> <p>O cinefórum incluiu un coloquio coa concelleira de igualdade, Yoya Blanco, a directora da curta, Mabel Lozano, a subdelegada do Goberno, Maica Larriba, e a deputada provincial de Igualdade, Vicky Alonso.</p> <p>O obxectivo deste acto era o de concienciar e denunciar o inferno que supón a explotación sexual, que sofren as mulleres en todo o mundo e que supón a forma de violencia de xénero máis extrema.</p> <p>Debido ás restricións excepcionais impostas no concello de Pontevedra desde o 11 de setembro, o aforo do Teatro principal estivo limitado a 60 participantes, polo que se habilitou o acceso en streaming para a presentación do acto e o coloquio a través da páxina web de igualdade e das redes sociais do Cim.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Moi boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Moi boa				

NOME DA ACTIVIDADE	Recital poético DÉBOCHE UNHA			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	29/08/2020 / 29/08/2020			
nº de horas	2			
nº de participantes				
HOMES	21			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	34			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>O solpor e a noite chegaron ao Campiño de Santa María acompañados da poesía, das reflexións e do humor de Andrea Nunes e Lucía Aldao, nun magnífico encontro arredor da vida e da palabra. Que necesaria a poesía para descubriros a nós e ao mundo que nos rodea... Con este Déboche unha as poetas foron saldando, unha a unha, as débedas históricas emocionais cos poemas que marcaron as súas vidas. Cultura diversa e segura nesta nova edición dos Vermús de Pinto e Maragota.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Boa				

NOME DA ACTIVIDADE	Ciclo Con voz de muller			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	30/07/2020 / 01/08/2020			
nº de horas	12			
nº de participantes				
HOMES	125			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	375			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>Música, teatro, narrativa oral ou regueifas para poñer en valor o papel imprescindible das mulleres na transmisión da cultura galega e na riqueza do seu panorama artístico. Con voz de muller arrancará o xoves 30 de xullo na praza da Curtidoira, ás 20.30h, coa obra de teatro Puedes llorar los viernes, na que a compañía pontevedresa 105 besos repasará a figura de diversos referentes femininos. Ás 21.00h, na Ferrería, ofrecerase o espectáculo poético de Aldaolado, no que as poetas Lucía Aldao e María Lado mesturan de maneira transgresora poesía con humor e música; mentres que ás 22.00h as pistas de Campolongo acollerán o concerto de Faia, que revisa os cantos tradicionais en clave contemporánea.</p> <p>A artista galega Najla Shami, con raíces palestinas e arxentinas, abrirá os concertos do venres 31, ás 20.30h, na praza da Curtidoira. Impro ao chou será a proposta para A Ferrería, ás 21.00h; e ás 22.00h A Banda da Loba actuará nas pistas de Campolongo coa súa fusión de pop, blues, folk, rock e sons tradicionais.</p> <p>O programa será dobre para o sábado 1 de agosto. Ás 12 do mediodía, a poeta Silvia Penas ofrecerá un recital de cantigas de amigo; ás 13.00h soarán as regueifas no escenario da Ferrería da man de Lupe e Alba María; e ás 13.30h a cantautora MJ Pérez actuará nas pistas deportivas de Campolongo. Belén Tajés -que inicia carreira en solitario- ofrecerá un concerto ás 20.30h na praza da Curtidoira fusionando as súas raíces da Costa da Morte con sons arxentinos e, ás 21.00h, as Pandereteiras de Verducido deleitarán ao público coas súas cancións tradicionais revisitadas con ritmos de blues e rock and roll na Ferrería.</p> <p>A compañía teatral Chévere porá o ramo ao ciclo Con voz de muller a través da súa spin-off As fillas bravas, homenaxeando ás mulleres rurais e á cultura que herdamos delas, ás 22.00h nas pistas de Campolongo.</p> <p>Os espectáculos duraron unha hora cada un. O público asistente permaneceu sentado todo o tempo, agás para abandonar o recinto.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				

Boa

NOME DA ACTIVIDADE	Encontro AS MULLERES QUE OPINAN SON PERIGOSAS			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	26/06/2020 / 27/06/2020			
nº de horas	4			
nº de participantes				
HOMES	11			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	146			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRICIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>Se o xornalismo é un sector dirixido maioritariamente por homes o da opinión é un xénero no que as mulleres levan anos a pelexar para atopar o seu espazo nos faladoiros de radio e de televisión, nos novos medios dixitais e nas páxinas dos xornais, onde as sinaturas son na súa maioría masculinas. A pesar desa realidade, hai mulleres columnistas, que escriben, que opinan, que abren blogs para tomar postura sobre a actualidade e a realidade na que viven; hai mulleres que dirixen medios e hai mulleres que introducen na axenda mediática temas e voces silenciadas durante anos.</p> <p>O xornalismo non foi alleo á crise do coronavirus e, co confinamento, as tarefas domésticas e os coidados volveron evidenciar as desigualdades existentes e a dobre tarefa das mulleres xornalistas que agora traballan desde o fogar. Segundo un estudo da Federación Internacional de Xornalistas (IFJ Global), máis da metade da profesión xornalística en todo o mundo reconece que sufriu estrés e ansiedade pola crise da COVID-19, un problema que recae especialmente nas mulleres: o 63 % das xornalistas fronte ao 55 % dos homes. Ademais, coa crise sanitaria a loita feminista pasou a un segundo plano na axenda social e mediática.</p> <p>Por todo iso, a crise do coronavirus e as súas consecuencias na profesión é o marco no que as convidadas reflexionaron durante a tarde do venres 26 de xuño e a mañá do sábado 27. Por terceiro ano consecutivo, deseñamos desde Pontevedra un foro que reúne esas mulleres de diferentes xeracións e perfís, todas elas profesionais do xornalismo e da escritura.</p> <p>A deste 2020 é unha edición especial e diferente que se desenvolveu a través de internet, á espera de volver reunirnos fisicamente en 2021.</p> <p>PROGRAM VENRES 26 DE XUÑO 17:00 h Inauguración. Carmela Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, e Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde de Pontevedra, con Diana López e Susana Pedreira 17:15 h Xornalistas galegas. As mulleres na opinión: un elefante rosa no medio das redaccións Claudia Morán e Tamara Montero. Xornalistas 18:00 h Clara Jiménez Cruz. Maldita.es: periodismo para que no te la cuelen</p>				

Xornalista. Cofundadora de Maldita.es. Colaboradora en Onda Cero, RNE, Telemadrid, Cuatro e TVE
18:45 h Magda Bandera. Medios cooperativos con agenda propia y perspectiva de género. Proyectos colectivos Xornalista. Directora de La Marea
SÁBADO 27 DE XUÑO
11:30 h Noemí López Trujillo. Reportalismo feminista. La elección de los temas y las voces protagonistas Xornalista. Reportaxes en Newtral.es
12:15 h Ángeles Caballero. Actualidad política. Humor y color en la crónica Xornalista. Opinión en El Confidencial, Onda Cero, La Sexta y Canal 24 Horas
13:00 h Sara Vila e Selina Otero. A crise da COVID desde unha perspectiva local. A educación que vén Xornalistas. Diario de Pontevedra e Faro de Vigo
13:45 h Despedida

VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA

DA ENTIDADE ORGANIZADORA

Boa

DO PÚBLICO ASISTENTE

Moi boa

NOME DA ACTIVIDADE	Contacontos Diverso Rei e Rei			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	23/06/2020 / 23/06/2020			
nº de horas	2			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRICIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
Contacontos Sandra Ansín				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Boa				

NOME DA ACTIVIDADE	Instalación artística Non á plumofobia							
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	22/06/2020 / 30/06/2020							
nº de horas	192							
nº de participantes								
HOMES	0							
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>	31-64	<input type="text" value="0"/>	>=65	<input type="text" value="0"/>
MULLERES	0							
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>	31-64	<input type="text" value="0"/>	>=65	<input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto							
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE								
Con motivo da Semana do Orgullo LGTBIQ+ 2020 prentouse a instalación artística Non á plumofobia no balcón da Casa Consistorial o luns 22 de xuño ás 12.00 horas.								
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA								
DA ENTIDADE ORGANIZADORA								
Moi boa								
DO PÚBLICO ASISTENTE								
Boa								

NOME DA ACTIVIDADE	Caravana LGTBIQ+			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	17/06/2020 / 26/06/2020			
nº de horas	12			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>No marco dunha campaña informativa e de sensibilización artellada dende o Centro de Información sobre Diversidade e Sexualidade, a responsable do CIDES, Ada Otero e a psicóloga e sexóloga Mónica Novas repartiron flyers, pulseiras, máscaras e pegatinas a prol da diversidade de sexo e xénero.</p> <p>O material informativo lembra que 8 de cada 10 casos de violencia sobre persoas LGTBIQA+ non se denuncian e incide en cuestións básicas como non dar por feito o xénero das persoas que nos rodean; a existencia de tantas maneiras de ser gai, lesbiana, bisexual, heterosexual ou trans como persoas; a importancia da diversidade para axudarnos a aprender as diferenzas e a medrar sen prexuízos nin etiquetas, e o dereito de cada persoa a ser tratada tal e como ela se identifica a si mesma.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Boa				

NOME DA ACTIVIDADE	Semana do Orgullo LGTBIQ+ 2020			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	17/06/2020 / 27/06/2020			
nº de horas	20			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
			>=65	<input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
			>=65	<input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>A Concellería de Igualdade presentou un intenso programa de actividades reivindicativas, lúdicas e culturais para tódalas idades e públicos deseñado con motivo da Semana do Orgullo LGTBIQ+ 2020 que arrancou coa presentación da instalación artística Non á plumofobia no balcón da Casa Consistorial o luns 22 de xuño ás 12.00 horas.</p> <p>Entre os actos organizados inclúense a celebración dun Contacontos Diverso e dun San Xoán Travesti no Gastroespazo do Mercado de Abastos, a realización de arranxos florais coa bandeira multicolor nos xardíns das prazas de España e Ourense, o fallo da obra gañadora do I Premio Literario pola Diversidade, o reparto de flyers informativos e máscaras nunha Caravana LGTBIQ+ e o esperado regreso dos Vermús de Pinto e Maragota á Praza da Verdura cun espectáculo protagonizado por MarikasXlaFiesta, Meiga_i e Ariezzz.</p> <p>A Semana do Orgullo deste ano terá como eixo vertebrador o rexeitamento desa recorrente, retrógrada e inadmisíble expresión de homofobia que é a plumofobia, polo que encheremos a cidade de plumas de cores, sintéticas por suposto, comezando polo propio Consistorio.</p> <p>O programa foi presentado na Praza da Peregrina, onde estivo aparcada a Caravana LGTBIQA+, pola concelleira de Igualdade e Benestar, Paloma Castro; a responsable do Centro de Información sobre Diversidade e Sexualidade (CIDES) do Concello de Pontevedra, Ada Otero; a psicóloga e sexóloga Mónica Novas, e a coordinadora do programa municipal Pinto e Maragota, Eva Mejuto.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Moi boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Moi boa				

NOME DA ACTIVIDADE	PROGRAMA INTEGRAL PARA VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	08/06/2020 / 30/09/2020			
nº de horas	180			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	19			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="2"/>	31-64 <input type="text" value="17"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	So mulleres			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>O programa actual deseñouse baseándose na idea de que moitas das dificultades que as persoas deben afrontar persoalmente na súa vida poden deberse a problemas non resoltos nas relacións cos outros.</p> <p>Durante a infancia, aprendemos os modos de interactuar e de resolver os problemas. En xeral, estes primeiros modelos son aplicados despois nas relacións adultas. O traballo en grupo ofreceu unha oportunidade de coñecer mellor estes modelos de relación e de coñecerse mellor entre as usuarias participantes estando en relación con outras persoas.</p> <p>Traballar as temáticas do grupo coa participación doutras mulleres que viven situacións similares e teñen sentimentos sobre si mesmas, sobre os outros e sobre a vida, parecidos, facilita que o que sente cada usuaria non sexa situado só no ámbito do persoal, senón que permite contemplalo tamén desde o social.</p> <p>Obxectivos:</p> <p>a) Brindar un espazo para a resignificación da experiencia de abuso e violación de dereitos humanos vivido.</p> <p>b) Contribuir por medio da información científica, veraz e actualizada a desmitificación dos argumentos existentes no imaxinario social das personas con respecto á violencia de xénero.</p> <p>c) Impulsar a creación dunha rede de mulleres solidarias que poida contribuir coa resposta social e comunitaria que debe darse nas situacións de violencia baseada no xénero detectadas</p> <p>d) Ofrecer unha teleasistencia individualizada para que todas as mulleres participantes poidan acceder aos contidos segundo os recursos técnicos que teñan a súa disposición</p> <p>PROGRAM</p> <p>Sesión 0: Entrevista e avaliación da nova usuaria do grupo, sesión individualizada explicativa sobre a dinámica deste programa integral dirixido a mulleres vulnerables e mulleres vítimas de violencia de xénero. Presencial</p> <p>TEMA 1: Modulo de igualdade de oportunidades. Apertura, unión e acordos mínimos para relacionarnos. Presencial</p> <p>TEMA 2: Tipos de violencia, como detectalos e previlos. Teleformación / Telasistencia individualizada</p> <p>TEMA 3: Construción da identidade de xénero, Eu son Eu. Presencial</p> <p>TEMA 4: Mitos e realidades en torno á violencia. Teleformación / Telasistencia individualizada</p> <p>TEMA 5: Orientación laboral dirixida a mulleres e para o empoderamento. Presencial</p> <p>TEMA 6: Impacto da violencia na vida das mulleres. Teleformación / Telasistencia individualizada</p> <p>TEMA 7: Dóo por perda da relación de parella. Presencial</p> <p>TEMA 8: Sexualidade: dereitos sexuais e reprodutivos. Teleformación / Telasistencia individualizada</p> <p>TEMA 9: Construción de redes de apoio femininas. Presencial</p> <p>TEMA 10: Estratexias de supervivencia fronte á violencia. Presencial</p> <p>TEMA 11: Administración de recursos económicos, asesoramento financeiro do fogar e</p>				

axudas a muller. Teleformación / Telasistencia individualizada
TEMA 12: Recursos disponibles en Galicia para o emprendemento feminino
Teleformación / Telasistencia individualizada
TEMA 13: Empoderamento da muller a través da autoestima. Presencial
TEMA 14: Os erros do amor romántico e a violencia de xénero. Teleformación / Telasistencia individualizada
As integrantes do grupo foron mulleres que padecen ou padeceron algún tipo de violencia de xénero, tanto se é recoñecida coma se non e tamén aquelas, que se atopan en risco de padecela debido ás características da relación que manteñen coa súa parella.
Tratouse de facilitar de maneira especial a participación de mulleres que tiñan circunstancias que incrementaban a súa vulnerabilidade.
A Teleformación e teleasistencia individualizada naceron da necesidade de adecuar o temario de formación e atención á situación sanitaria por mor do Covid19.

VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA

DA ENTIDADE ORGANIZADORA

Moi boa

DO PÚBLICO ASISTENTE

Moi boa

NOME DA ACTIVIDADE	Instalación artística Inside Out: Mulleres [Rur]Urbanas,			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	12/03/2020 / 20/03/2020			
nº de horas	216			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
			>=65	<input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
			>=65	<input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>As paredes da Facultade de Belas Artes, as ventás da Casa Consistorial, a cristaleira de acceso á sede da Vicerreitoría e o chan da propia praza de España foron presididas polos retratos a gran tamaño de 104 mulleres do rural galego realizados por 25 alumnos e alumnas de Belas Artes. En colaboración coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e o Concello de Pontevedra, 7H Cooperativa Cultural desenvolveu nesta xornada en Pontevedra a instalación artística efémera Inside Out: Mulleres [Rur]Urbanas, a primeira iniciativa inserida no proxecto de arte urbana máis grande do mundo que se desenvolve en Galicia.</p> <p>Esta instalación efémera foi presentada pola concelleira de Igualdade, Paloma Castro, a integrante da cooperativa 7H Carla Rodríguez e por Alegría Campos, unha das estudantes de Belas Artes que realizou esta serie de retratos que presentan a mulleres de distintas idades, procedencias e ocupacións. Partimos dun proxecto internacional, que comezou o fotógrafo e artista urbano JR coa idea de responder á pregunta de ser a arte pode cambiar o mundo, salientou Rodríguez, coordinadora dunha iniciativa inserida no proxecto Inside Out, que desde 2011 diferentes colectivos levaron a cabo en máis de 1800 localizacións en máis dun cento de países. Neste caso, Mulleres [Rur]Urbanas ten como obxectivo homenaxear ás mulleres do rural e a súa contribución ao desenvolvemento colectivo desde ese anonimato falsamente construído, apuntou Rodríguez, que lembrou tamén que o proxecto foi posible grazas á implicación de 35 estudantes de Belas Artes, dos que 25 son os autores e autoras das fotografías que nesta xornada ocupan o espazo público da cidade.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Boa				

NOME DA ACTIVIDADE	ACTOS 8-M CONSELLO DA MULLER NOVA		
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	09/03/2020 / 09/03/2020		
nº de horas	3		
nº de participantes			
HOMES	39		
por idade	<18 <input type="text" value="29"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	141		
por idade	<18 <input type="text" value="119"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto		
DESCRICIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE			
<p>Este acto conmemorativo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, e celebrado o luns 9 de marzo, foi deseñado polo equipo do Consello da Muller Nova e levado a cabo polo alumnado de Secundaria de catro IES (Frei Martín Sarmiento, Luís Seoane, Sánchez Cantón e Valle Inclán)</p> <p>O estudiantado do IES Frei Martín Sarmiento preparou unha representación de baile coa canción de Rozalén La Puerta Violeta e unha peza teatral curta titulada Sororidade. Asemade, integrantes de NeoFem do IES Luis Seoane e alumnado do IES Sánchez Cantón escenificaron un flashmob con música e unha letra baseada na corresponsabilidade titulada 'Cántalle as 40' que avisa "Non son a túa serventa".</p>			
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA			
DA ENTIDADE ORGANIZADORA			
Moi boa			
DO PÚBLICO ASISTENTE			
Moi boa			

NOME DA ACTIVIDADE	CONFERENCIA "MULLERES, DISCRIMINACIÓN SEN			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	07/03/2020 / 07/03/2020			
nº de horas	3			
nº de participantes				
HOMES	21			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	92			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>O Teatro Principal acolleu o sábado 7 de marzo ás 19:30 horas as conferencias Mulleres, discriminación sen fronteiras, no que interviron tres mulleres con gran peso internacional na loita feminista, que se atopan residindo en España na condición de refuxiadas e que son referentes de activismo feminista nos seus países.</p> <p>Así, Georgina de los Ángeles Molina, activista defensora dos dereitos humanos en Nicaragua e psicóloga especialista en tratamento e acompañamento de agresións e abusos sexuais, protagonizará unha ponencia sobre As múltiples violacións aos dereitos humanos que viven as mulleres en Latinoamérica e a resistencia que desenvolven de maneira colectiva.</p> <p>Outra das charlas será impartida por Nasra Amah lahdih Said, muller saharahui impulsora dunha plataforma feminista na que se denuncian e visibilizan as prácticas vexatorias que se producen na sociedade saharai e noutras sociedades musulmás, e versará sobre O feminismo nos países de maioría musulmá: a situación das mulleres que proceden dunha cultura musulmá e o feminismo identitario.</p> <p>O cadro de relatoras complétase con María Isabel Menéndez, directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Burgos e experta en estudos sobre muller, xénero e feminismo, que fará unha intervención titulada Construción de imaxinarios nas industrias culturais: violencia simbólica e pornificación como biopolítica do desexo.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Moi boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Moi boa				

NOME DA ACTIVIDADE	Exposición Mulleres Creadoras			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	06/03/2020 / 09/03/2020			
nº de horas	60			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>No marco das actividades promovidas con motivo do día 8 de marzo, celebrouse na Casa da Luz unha exposición colectiva titulada Mulleres Creadoras.</p> <p>A mostra está organizada polo colectivo O Galpón Lab, asociación que foi presentada no mesmo acto, e permitirá visibilizar durante toda a fin de semana a creatividade e o traballo de nove mulleres artistas de Pontevedra de diferentes estilos: Alba Troiteiro (gravado), Ana Red Moon (técnica de deseño de moda), Belén Diz (ilustración), Eva Fandiño (ilustración), Natalia Umpiérrez (cerámica e ilustración), Noela Covelo (técnica de deseño), Nuria Figueirido (cerámica), Sarai Lorenzo (gravado) e Más de Campo que las Amapolas (ilustración con papel).</p> <p>O obxectivo desta iniciativa é deixar latente que non se pode clasificar a estas artistas polo seu xénero e que non existen límites, nin na arte nin na creación, polo feito de ser muller. O que hai é moito talento, cada día un pouco menos oculto en Pontevedra. A produción artística e creativa nesta cidade é algo real, cada vez máis visible e que loita por converterse nun sector relevante da súa economía. Unha presenza que é posible en gran medida grazas ás facultades de Belas Artes e Ciencias da Comunicación, nas que a porcentaxe de mulleres que cursan carreiras supera o 60% e, a pesar diso, seguen sendo unha minoría no mundo laboral vencellado ao deseño e a creatividade, sen falar xa de postos directivos.</p> <p>Unha cita da activista feminista Mitsuye Yamada resume á perfección o espírito desta iniciativa: Recoñecer a nosa invisibilidade significa atopar o camiño cara á visibilidade.</p> <p>O Galpón Lab é unha asociación sen ánimo de lucro de novas creadoras e creadores fundada por catro mulleres, creativas en diferentes disciplinas, que desenvolven principalmente funcións de xestión, creación e divulgación do ámbito cultural da provincia de Pontevedra. O obxectivo desta asociación é promover a creación artística e o intercambio cultural, ofrecendo apoio ás artistas emerxentes e visibilidade e orientación nos seus proxectos.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				

Boa

NOME DA ACTIVIDADE	Mesas de debate sobre Muller e Deporte
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	06/03/2020 / 06/03/2020
nº de horas	4
nº de participantes	
HOMES	18
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	75
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE	
<p>Coa intención de dar visibilidade ás mulleres, a súa situación tanto no deporte como na vida e á necesidade de superar tópicos e discriminacións para avanzar cara unha igualdade real, o Concello colaborou con esta iniciativa do Foro Universo Mujer, xunto co Consejo Superior de Deportes e a Fundación Deporte Joven, a Vicerreitoría do campus e a Deputación Provincial. Tralo acto inaugural celebráronse 3 mesas de debate:</p> <p>1ª Mesa: "Unha carreira de obstáculos: a participación da muller no deporte de competición", na que interviron a patinadora olímpica Sara Hurtado, a ex-deportista e profesora da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte María José Martínez Patiño, directora do Centro de Estudos Olímpicos da Universidade de Vigo, e a presidenta do Club Baloncesto Arxil, Milagros Sanmartín.</p> <p>2ª mesa: "Muller, deporte e saúde", na que participaron a porteira da selección española e farmacéutica Silvia Aguete e a profesora da Facultade de Fisioterapia Iris Machado</p> <p>3ª mesa: Foro debate sobre a presenza da muller na información deportiva, no que participaron as xornalistas Cristina Gallo e Ana Guantes, xefa de prensa da Deputación de Pontevedra, a piragüista olímpica Teresa Portela; a profesora da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación Ana Belén Fernández Souto e a presidenta da asociación Mulleres Deportistas Galegas (Mudega), Mercé Barrientos.</p> <p>As tres mesas de debate, foron moderadas polas xornalistas Susana Pedreira, de Onda Cero, María Varela, do Diario de Pontevedra, e Ana López, do Faro de Vigo.</p>	
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA	
DA ENTIDADE ORGANIZADORA	
Boa	
DO PÚBLICO ASISTENTE	

Boa

NOME DA ACTIVIDADE	CAMPAÑA GRÁFICA 8-M CORRESPONSABILIDADE			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	27/02/2020 / 13/03/2020			
nº de horas	360			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>Baixo os lemas complementarios Equilibra a sociedade, asume a túa responsabilidade e Colle o relevo da corresponsabilidade, chegaremos á meta dunha sociedade máis xusta, a campaña deste ano pretende suliñar o feito de que, a día de hoxe, as tarefas domésticas e os coidados, tanto de pequen@s como de maiores, seguen a recaer maioritariamente nas mulleres, que a miúdo compatibilizan estes cometidos co seu traballo profesional.</p> <p>O primeiro dos lemas reflexa a situación actual e fai reflexionar sobre a mesma; e o segundo, pretende dar unha directriz de comportamento. As mensaxes van dirixidas non só aos homes, senón tamén a algunhas mulleres que deben darse conta de que é o momento de dar un golpe na mesa e plantarse na casa.</p> <p>Esta campaña difundirase a través de medios de comunicación, bolsas de tea, mupis e bandeirolas situados en diferentes puntos da cidade, estando previsto para o martes 3 de marzo o despregue dunha grande pancarta na fachada da Casa Consistorial.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Boa				

NOME DA ACTIVIDADE	Campaña EN PONTEVEDRA SEMENTAMOS IGUALDADE			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	19/02/2020 / 10/03/2020			
nº de horas	200			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>Considerando que as actuacións a prol da igualdade e contra a violencia de xénero non deben circunscribirse só a conmemoracións anuais, calquera momento é axeitado e oportuno para desenvolver esta acción, máxime tendo en conta a recomendación do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero de desestacionalizar este tipo de iniciativas. Así, a acción levouse a cabo no comezo do ano 2020, nun momento no que a atención informativa é alta e o impacto na cidadanía dada a pouca competencia no espazo dos medios.</p> <p>O obxectivo para Pontevedra foi acadar o interese dunhas cinco mil familias, como base de difusión e concienciación, o que representa unha incidencia en máis de quince mil persoas de xeito directo e con prolongación no tempo. Decidimos tomar esta cifra como referencia por considerala obxectivamente útil á finalidade da campaña, eficaz para unha difusión racional e de fácil financiamento.</p> <p>Para logralo redactamos o manual de boas prácticas, titulado En Pontevedra sementamos igualdade, que foi distribuído ás familias a través dos establecementos comerciais que se prestaron a participar na campaña. Estes, polo tanto, foron o vehículo para facerllo chegar á súa clientela agasallando os exemplares que se lles encomendaron. Este xeito de propagación tenta, á súa vez, acadar a complicitade do pequeno comercio nun servizo público de colaboración social.</p> <p>Nos establecementos comerciais colocáronse carteis anunciadores da campaña. Tamén se fixo unha distribución directa aos centros escolares do concello de Pontevedra e outros espazos tales como Centros de Saúde e farmacias. Utilizamos o soporte libro porque a consideración do mesmo fai que permaneza nos fogares formando parte das bibliotecas familiares durante moito tempo.</p> <p>A campaña foi presentada publicamente mediante unha rolda de prensa no Concello coa autora do manual, Llerena Perozo Porteiro, e a concelleira de igualdade, Paloma Castro.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				

Boa

NOME DA ACTIVIDADE	Centro de Información sobre Diversidade e Sexualidade
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	19/02/2020 / 23/12/2020
nº de horas	495
nº de participantes	
HOMES	0
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE	
<p>Con esta iniciativa, Pontevedra ven de converterse na primeira cidade de Galicia en dispoñer dun Centro de Información sobre Diversidade e Sexualidade (CIDES), no que se solventan dúbidas sobre sexualidade ou en relación ao colectivo LGTBIQ+, resolvense inquedanzas, celebranse talleres formativos, ofrecese orientación e formanse grupos de apoio. O CIDES, creado por iniciativa da concelleira de Igualdade, Paloma Castro, estará coordinado pola activista trans licenciada en Dereito e especialista en violencia de xénero Ada Otero. Esta actividade, que xa estaba contemplada dentro do Plan Municipal de Igualdade recentemente aprobado, pero a súa necesidade viuse aínda máis reafirmada trala enquisa nos institutos da cidade e que concluíu que máis do 25% do alumnado nunca recibira información sobre diversidade sexual e que, de entre os que si a recibiran, o 35% considerábase moi insuficiente. O CIDES pretende converterse en centro de información de referencia sobre sexualidade e diversidade sexual, onde a cidadanía poida atopar respostas e información e mesmo asesoría no que se refire a ataques LGTBfóbicos. O CIDES contará cunha oficina na Praza de José Martí (3º andar, s/n), no edificio do Centro de Información á Muller (CIM) Horario e medios de atención ao público O novo Centro de Información está aberto ao público dende o pasado mes de febreiro nas tardes dos mércores, xoves e venres en horario de 16:30 a 20:30 horas, atendendo tamén chamadas no teléfono 676 09 73 39 e correos electrónicos na dirección cidespontevedra@gmail.com. Será posible concertar citas para dispor dun amplo espazo de tempo no que falar relaxadamente, visitar a oficina durante o horario de apertura ou realizar consultas sinxelas por teléfono, email ou redes (a páxina de Facebook é CIDESpontevedra e a de Instagram @cidespontevedra). Dende o CIDES tamén se ofertarán talleres formativos en determinadas materias e manterase un contacto permanente con diversos colectivos tanto para recibir feedback sobre posibles agresións como para organizar eventos en datas sinaladas e campañas de sensibilización en colexios e institutos.</p>	
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA	
DA ENTIDADE ORGANIZADORA	

Boa

DO PÚBLICO ASSISTENTE

Boa

NOME DA ACTIVIDADE	Charla Como evitar relacións tóxicas			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	14/02/2020 / 14/02/2020			
nº de horas	3			
nº de participantes				
HOMES	20			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	60			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>A psicóloga xurídica, sexóloga e criminóloga especializada en igualdade de xénero Mónica Novas Dios protagonizou o 14 de febreiro, Día de San Valentín, unha charla-café na que deu as claves de Como evitar as relacións tóxicas.</p> <p>Entre as cuestións que se abordarán na charla inclúese as definicións de relación tóxica e relación sa, as claves para identificar unha relación tóxica (con exemplos destes tipo de vínculos perniciosos) e as causas que nos levan a entablalas e a mantelas.</p> <p>Mónica Novas Dios conta con 15 anos de contrastada experiencia en Psicoloxía Clínica e formación contra a violencia de xénero, colaborando en diversas campañas e programas de sensibilización, información e concienciación impulsadas dende a Concellería de Igualdade.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Boa				

NOME DA ACTIVIDADE	I Premio Literario Pinto e Maragota pola diversidade sexual			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	11/02/2020 / 25/06/2020			
nº de horas	10			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18 <input type="text" value="0"/>	18-30 <input type="text" value="0"/>	31-64 <input type="text" value="0"/>	>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>O Concello de Pontevedra, en colaboración con Edicións Xerais de Galicia, convocou a I Edición do Premio Literario Pinto e Maragota que ten como finalidade visibilizar e dignificar a diversidade sexual e de xénero.</p> <p>As obras presentadas debían ter presente no seu argumento, como temática principal ou transversal, a diversidade sexual e de xénero: orientación sexual e/ou identidade de xénero. O xénero literario das obras presentadas podía ser novela, teatro ou poesía, tanto para público infantil, xuvenil como adulto.</p> <p>Cada autor ou autora podía presentar cantas obras quixer, en envíos separados.</p> <p>Establécese un único premio de tres mil (3.000) euros, que estará suxeito ás retencións legalmente establecidas e fará efectivo o Concello de Pontevedra.</p> <p>A obra Cobiza, da escritora María Reimóndez, foi a gañadora da primeira edición deste certame literario Pinto e Maragota pola Diversidade.</p> <p>A novela será editada por Xerais e chegará ás librarías a principios de ano. Trátase dunha distopía que busca explorar temas como a escravitude ou o xénero dende diferentes perspectivas, en palabras da propia autora.</p> <p>O xurado destacou a súa altísima calidade literaria e a novidosa e revolucionaria reflexión sobre a construción do sexo e o xénero, as identidades e as orientacións sexuais, así como unha fonda ollada feminista e ecoloxista na reflexión sobre o futuro no noso planeta despois da crise mundial da Covid-19.</p> <p>A presentación da peza gañadora desta primeira edición do Premio Literario Pinto e Maragota tivo lugar o pasado 25 de xuño na Praza de España.</p> <p>O xurado, reunido o luns 22 en Pontevedra para valorar as pezas entregadas e dirimir o nome da gañadora, estivo formado por Ana Ojea, a coordinadora do Centro municipal de Información sobre Diversidade e Sexualidade (CIDES), Ada Otero, en representación da Concellería de Igualdade do Concello de Pontevedra; a tamén docente Anxos Rial, profesora do IES Sánchez Cantón e coordinadora de clubs de lectura xuvenís, e a escritora Eva Mejuto, coordinadora do programa municipal pola diversidade Pinto e Maragota. Ademais de votar por maioría a obra presentada por Reimóndez co título de Cobiza, os membros do xurado tamén resaltaron a calidade e interese de dúas obras: o poemario que se presentou co título de Contra Natura e a obra xuvenil As Sentinelas do Silencio.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Moi boa				

DO PÚBLICO ASISTENTE
Moi boa

NOME DA ACTIVIDADE	Teatro solidario Una de 8
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	08/02/2020 / 08/02/2020
nº de horas	3

nº de participantes	
HOMES	85
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	345
por idade	<18 <input type="text" value="0"/> 18-30 <input type="text" value="0"/> 31-64 <input type="text" value="0"/> >=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto

DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE

Unha de cada 8 mulleres padece cancro de mama metastásico, é dicir, incurable. Esa cuestión de probabilidade é precisamente a que lle dá nome á obra de teatro escrita e dirixida por María Lebrato (de Dinamo de Creación) Una de 8, estreouse no Teatro Principal de Pontevedra cunha función solidaria en favor da Asociación de Cancro de Mama Metastásico (ACMM). A Concellería de Benestar Social, que dirixe Paloma Castro, colabora con este colectivo na organización desta iniciativa, que ten o obxectivo de visibilizar a realidade destas mulleres e recadar fondos para proxectos de investigación e tratamentos neste eido

VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA
--

DA ENTIDADE ORGANIZADORA

Boa

DO PÚBLICO ASISTENTE

Boa

NOME DA ACTIVIDADE	II congreso A Diversidade Sexual e de Xénero nas Aulas.			
DATA INICIO / FINALIZACIÓN	01/02/2020 / 01/02/2020			
nº de horas	10			
nº de participantes				
HOMES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
MULLERES	0			
por idade	<18	<input type="text" value="0"/>	18-30	<input type="text" value="0"/>
			31-64	<input type="text" value="0"/>
				>=65 <input type="text" value="0"/>
PÚBLICO OBXECTIVO	Mixto			
DESCRIPCIÓN DO CONTIDO DA ACTIVIDADE				
<p>O II congreso A Diversidade Sexual e de Xénero nas Aulas. Materia pendente? abriu o calendario de actividades formativas e educativas deseñadas para 2020 no marco do programa municipal Pinto e Maragota.</p> <p>A propia concelleira abriu o sábado 1 de febreiro a xornada formativa cunha presentación titulada Deixar de mirar cara outro lado. A diversidade nas aulas existe, na que exporá o informe de resultados da enquisa que a súa Concellería levou a cabo nos centros de Ensino Secundario e FP da cidade. Trala súa intervención, ás 10.30 horas, tomarán o turno de palabra a pediatra Inés del Río, coa ponencia Diversidade sexual e de xénero na infancia e na adolescencia: Unha ollada ética, e a licenciada en Dereito e activista trans Ada Otero, que falará sobre A legalidade LGTB.</p> <p>Unha mesa redonda en torno aos casos de éxito no tratamento da realidade LGTBI nas aulas, coa participación da Rede Educativa de Apoio LGTB e os IES As Barxas (Moaña) e Frei Martín Sarmiento (Pontevedra) pechará a quenda de mañá do congreso. A actividade retomárase ás 16.00 horas coa proxección do documental dirixido por Bea V. Campaña e producido por Fernando Rodríguez Noite irisada, sobre a loita do colectivo LGTB en Galicia.</p> <p>A continuación, ás 17.15 horas, Laura Bugalho, Marcos Ceive e Rihanna Currás protagonizarán outra mesa redonda baixo o título Contra a desmemoria: tres xeracións de activismo trans, mentres que o cantautor Viruta porá o broche de ouro á xornada coa charla concerto Normal é un programa da lavadora.</p>				
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA				
DA ENTIDADE ORGANIZADORA				
Moi boa				
DO PÚBLICO ASISTENTE				
Moi boa				

2. Resumo anual de consultas

Área de consulta	Nº de consultas
Asesoramento Xurídico	171
Atención psicolóxica	894
Atención vítimas de VX	253
Orientación Emprego	0
Información de cursos, xornadas e actividades	2
Información de recursos	64
Outra información	0

3. Resumo anual de actividades

Área de consulta	Nº de consultas
Colectivo específico	2
Sociedade Xeral	31

4. Relacións con outras entidades

--

5. Relacións cos medios de comunicación

--

6. Comentarios ou observacións a destacar:

--

7. Suxestións, denuncias ou queixas á administración: